

## DESTINO FRONTERA

Trátase dun proxecto plurirrexional, isto é, que se executa ao longo de toda a fronteira luso-española e con socios de todas as rexións de fronteira.

O proxecto enmárcase dentro da actividade da RIET e por iso desenvólvese con socios desta rede.

No seu desenvolvemento, o proxecto focalizarase, inicialmente, en catro áreas de interese:

- Turismo enolóxico
- Turismo de natureza
- Turismo de historia e patrimonio
- Turismo ligado a auga (ríos, termas, etc)

Título	DESTINO FRONTERA	
<b>Obxectivo específico</b>	Implementar unha estratexia de desenvolvemento turístico da <b>fronteira</b> luso-española como <b>destino único</b> , integrado e estruturado, baseado en recursos endóxeos compartidos e na especialización intelixente da oferta, e que permita reducir os costes de contexto, diminuír as desigualdades territoriais e promover o desenvolvemento sostible das rexións de fronteira.	
<b>Socios</b>	<b>Eixo Atlántico ES (Xefe de fila)</b> Eurocidade Chaves – Verín AIMRD ZASNET Diputación de Salamanca CEC – Conselho Empresarial do Centro TRIURBIR Diputación de Huelva ODIANA – Associação para o Desenvolvemento do Baixo Guadiana	
<b>Orzamento total</b>	1.515.440,32€	
<b>Orzamento Eixo (EIXO ES)</b>	<b>Importe</b>	<b>FEDER</b>
	290.652,48 €	217.989,36 €

A candidatura contempla catro áreas de traballo:

1. Avaliación da situación de partida e deseño dunha estratexia (e o seu plan de acción).
2. Creación de produtos turísticos comúns a toda a fronteira.
3. Capacitación dos recursos humanos e especialización da oferta – formación.
4. Creación de ferramentas para a xestión eficiente do turismo de fronteira – observatorio do turismo de fronteira.
5. Promoción conxunta.

-----